



Concello de  
Ortigueira



# BANDO

## Festival Internacional do Mundo Celta 2023

**JOSE VALENTIN CALVÍN FONDEVILA, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
ORTIGUEIRA**

**INFORMA** aos veciños e veciñas do Concello de Ortigueira que co gallo da celebración do Festival Internacional do Mundo Celta de este ano, dos días 7 a 17 de xullo, é necesario adoptar unha serie de medidas para garantir a seguridade e fluidez do tráfico, a orde pública e a seguridade cidadá.

**1.-** Entre os **días 6 e 17 de xullo** quedará restrinxido o tráfico de vehículos dende a Avenida da Escola de Gaitas en dirección ás rúas Avenida de As Pontes, Eugenio López, Xosé Buide, Avenida Juan Luís Pía, Luama e acceso a Laxás.

**2.-** Non se permite o aparcamento na vía pública nas zonas restrinxidas o tráfico. Os residentes sin praza de garaxe deberán deixar os vehículos na zona da Preguiza. Por parte la Policía Local vixiaranse estas medidas e procederase a sancionar o incumprimento.

**3.-** Para a circulación de vehículos a motor por estas rúas é necesario dispor do correspondente pase, que será facilitado polo Concello.

**4.-** Por razóns de seguridade pública **ESTÁN PRORROGADOS NA VALIDEZ OS PASES EXPEDIDOS NO ANO 2022 PODENDO USARSE OS XA EMITIDOS, NON SENDO PRECISO SOLICITALO DE NOVO.**

De ser o caso de extravío ou deterioro do pase expedido no ano 2022, o Concello facilitará un novo, non sendo preciso solicitalo, debendo de acudir a PISCINA MUNICIPAL a partir do día 23 de xuño de 9 a 13 horas.

**5.- DEBERÁN SOLICITAR PASE TODAS AS PERSOAS QUE CAMBIARAN DE DOMICILIO, DE VEHÍCULO, DE TRABALLO OU ALUGUEN UNHA VIVENDA DENTRO DA ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO.**

Soamente nestes supostos sendo o **prazo de solicitude ata o 27 de xuño no Concello**, e poden pasar a recollelo pola PISCINA MUNICIPAL en horario de 9 a 13 horas a partir do 23 de xuño.

**6.-** Os pases expedidos, poderán ser recollidos na PISCINA MUNICIPAL ata o día 30 de xuño.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ortigueira, 22 de xuño de 2023.

**O Alcalde - Presidente,**

